

# DICCIONARIO XERAIS DE SINÓNIMOS

TERMOS AFÍNS E CONTRARIOS

**Luís Castro Macía**

**Coordinación**

Gonzalo Navaza Blanco

**Asesoría**

M<sup>a</sup> Dolores Torres París

**Edición**

Xosé Cid Cabido

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



## INTRODUCCIÓN

### **Razón de ser do *Diccionario de sinónimos, termos afíns e contrarios***

Moitas veces temos escoitado que as linguas posúen moi poucos sinónimos perfectos, ou sexa termos que poden ser substituídos por outros co seu mesmo significado exacto en calquera contexto. Non obstante, cando estamos a elaborar textos podémonos atopar con moi distintas situacións nas que nos pode ser moi útil este diccionario:

a) Cando queremos evitar repeticións dos mesmos vocábulos ou lexe-mas nun mesmo parágrafo.

b) Cando por razóns de estilo ou de exactitude semántica desexamos substituír un termo por outro máis axeitado.

c) Cando estamos a usar termos que, aínda sendo correctos, non lle dan ó texto as características de enxebreza que á veces serían desexables.

Entendemos este diccionario como unha ferramenta auxiliar ou complementaria. A secuencia de equivalencias que incluímos en cada acepción pode dar unha idea do significado exacto dun vocábulo, pero non pretendemos en ningún caso ofrecer un substituto dos dictionarios convencionais.

### **Características deste diccionario**

a) As entradas van escritas en negriña. Os termos homónimos figuran como entradas diferentes.

b) Cada entrada vai seguida da caracterización gramatical, expresada a través das distintas abreviaturas que se relacionan ó final desta introducción. Cando algunha acepción dunha entrada presenta distinta caracterización gramatical, sepárase das precedentes con dobre barra (||) e tras esta incluímo-la abreviatura da nova categoría, entendéndose que afecta ás acepcións que figuran a continuación.

c) As distintas acepcións dunha palabra que figura como entrada sepáranse mediante unha numeración correlativa. Dentro de cada acepción os

sinónimos e termos afíns dispuxéronse exclusivamente segundo a orde alfabética. Por razóns de economía de espacio, evitáronse as repeticións das equivalencias, de xeito que calquera vocábulo que aparece como sinónimo nunha serie xa non figura nas seguintes, mesmo aínda no caso de presentar sinonimia clara coa palabra da entrada nesas outras acepcións. Se non estamos seguros do significado exacto dun termo ou da súa validez como sinónimo nunha acepción concreta, é conveniente ter á man un diccionario xeral da lingua.

De existiren termos contrarios correspondentes á palabra que figura como entrada, introdúcense ó final das series de sinónimos, precedidos da abreviatura *CONT.* Cando se fai necesario separar acepcións dentro dos contrarios, estas márcanse coa numeración correspondente ás distintas acepcións dos sinónimos.

**d)** Nalgún caso en que ofrecemos termos ambiguos ou que poden presentar dúbidas no seu significado ou na súa forma, procurouse resolver a ambigüidade cunha breve aclaración entre parénteses ou mediante unha nota aclaratoria que vai precedida da abreviatura *OBS.*

**e)** Algúns termos presentan usos ou significados especiais en locucións e frases feitas, polo que nalgunhas entradas se incluíu un apartado de fraseoloxía, que vai precedido da abreviatura *FRAS.* Neste apartado, as diferentes frases ou locucións figuran en negriña e van seguidas das frases ou vocábulos sinónimos.

**f)** Seguíronse criterios normativos na selección do léxico, de aí que non figuren termos que aínda sendo usuais se consideran incorrectos ou alleos á normativa do estándar galego actual. Con todo, que unha voz non apareza como entrada non significa que sexa incorrecta en galego, pois nalgúns casos non foron incluídas formas simplemente polo feito de non teren sinónimos na nosa lingua.

**g)** Ó final do diccionario inclúese un breviarío gramatical acompañado dun apéndice de verbos conxugados cun listado xeral dos verbos galegos, indicando para cada un o modelo de conxugación a que pertence.

**h)** No que se refire á orde alfabética, considerouse o dígrafo *ch* independentemente da letra *c*.

# A

**á** *s.f.* ala.

**aba** *s.f.* **1.** costa, ladeira. **2.** abada, falda, mandil. **3.** beira, beirado, beiral, beiril, pingueira, sopena. **4.** mandilada, regazada.

**abáboro** *s.m.* abázcaro, abellón, tártao.

**abacelar** *v.* **1.** abarbar, acoeirar, acolar, achegar, amontear. **2.** aporcar, arrendar, aterrar. **3.** enxertar.

**abacial** *adx.* abadengo, cenobítico, clerical, monacal, monástico.

**ábaco** *s.m.* contador, táboa, taboleiro.

**abada** *s.f.* **1.** aba, mandilada, regazada. **2.** falda, mandil.

**abade** *s.m.* **1.** rector, superior. **2.** capelán, crego, cura, padre, párroco, prior, sacerdote.

FRAS. **Mesa de abade:** a que está ben provista. **Cara de abade:** a colorada.

**abadengo** *adx.* abacial.

**abadesa** *s.f.* priorosa, rectora, superiora.

**abadexo** *s.m.* **1.** corbelo. **2.** xarreta.

**abadía** *s.f.* **1.** priorado, rectoral, rectoría. **2.** cenobio, convento, mosteiro.

**abafadizo** *adx.* **1.** abafador, abafante, afogadizo, sufocante. **2.** fedorento.

**abafado** *adx.* **1.** acorado, afogado, asfixiado, sufocado. **2.** abatido, fatigado. **3.** amocado, amolado, avergonzado, avergoñado, corrido, desacreditado, importunado, incomodado, insultado, molestado. **4.** apagado, dominado. **5.** empezoñado. **6.** oculto.

**abafador** *adx.* abafante, sufocante.

**abafallar** *v.* **1.** abafar. **2.** aldraxar, desairar, desdenar, desprezar.

**abafallo** *s.m.* **1.** abafo. **2.** desaire, desdén, desprezo.

**abafamento** *s.m.* abafo, acoro, asfixia, sufocación.

**abafante** *adx.* **1.** asfixiante, abafadizo, abafador, atafegante, sufocante. **2.** vergoñoso, vergonzoso, vergoñento.

**abafar** *v.* **1.** acorar, afogar, ampear, asfixiar, atafegar, cansar, inar, oprimir, sufocar. **2.** embazar, empanar. **3.** alasar, bafexar. **4.** alcatrear, apestar, feder. **5.** avergoñar, desacreditar. **6.** molestar, importunar, incomodar. **7.** apagar, dominar, extinguir. **8.** empezoñar.

**abafo** *s.m.* **1.** afogo, atafego, asfixia, sufocación. **2.** alcatreo, fedor, peste. **3.** abafallo, desprezo, improprio, insulto. **4.** agravio, descrédito. **5.** engano.

**abaixadizo** *adx.* servil, submisivo.

**abaixamento** *s.m.* **1.** abatemento, baixeza, humillación. **2.** baixa, diminución, mingua, minoración. CONT. elevación.

**abaixante** *adx.* humillante.

**abaixar** *v.* **1.** agachar, agocharse, anicarse, baixarse, descender, encollerse, inclinarse. **2.** amansar. **3.** humillarse, rebaixarse, someterse. **4.** baixar, diminuír, minguar. **5.** debilitarse, decaer, enfraquecer, esmorecer. CONT. **2.** enxalzar **3.** medrar.

FRAS. **Abaixa-la cabeza, abaixa-las orella:** obedecer sen replicar. **Abaixa-lo lombo:** traballar con ansia.

**abaixo** *adv.* debaixo, embaixo.

CONT. arriba, enriba.

FRAS. **Abaixo de:** debaixo de, baixo. **Aire de abaixo:** aire do sur. **Botar abaixo:** derrubar, destruír. **Por abaixo:** por baixo.

**abalado** *adx.* **1.** axitado, sacudido. **2.** *fig.* acovardado, afectado, murcho, sorprendido.

**abaladura** *s.f.* abaladura, abalamento, abalo, abaneadura, abaneón.

**acaparador** *adx.* e *s.* egoísta, especulador, estraperlista, monopolista.

**acaparamento** *s.m.* acumulación, almacenamento, amontoamento, monopolio.

CONT. reparto.

**acaparar** *v.* acumular, almacenar, arrapañar, arropañar, monopolizar, reter, xuntar.

CONT. distribuír, repartir.

**acaramelado** *adx.* **1.** azucrado, doce. **2.** namorado, solícito, tenro. **3.** afectado, amaneirado, exquisito, relambido, sofisticado.

CONT. **2.** esquivo.

**acaramelar** *v.* **1.** adozar, azucarar. **2.** amarse, encariñarse, namorarse.

CONT. **1.** agrear, amargar.

**acareo** *s.m.* confrontación.

**acariciador** *adx.* acariciante, acariñador, agarimoso, doce, suave, tenro.

CONT. agre, seco.

**acariciante** *adx.* acariciador, acariñador.

**acariciar** *v.* **1.** acariñar, agarimar, aloumiñar. **2.** apalpar, rozar, tocar. **3.** ambicionar, desexar.

CONT. **1.** golpear, maltratar.

**acariñador** *adx.* acariciador, acariciante, agarimoso, doce, suave, tenro.

**acariñar** *v.* acariciar, aloumiñar, agarimar, apaxar, mimar.

**ácaro** *s.m.* arácnido, parasito.

**acaroar** *v.* **1.** abeirar, acercar, aconchegar, achegar, aproximar. **2.** arrimar. **3.** reunirse, xuntarse.

FRAS. **Acaroa-la barba:** afeitarse a rentes. **Acaroa-lo pelo:** corta-lo cabelo a rentes.

**acarroular** *v.* carroulear.

**acartonar** *v.* momificarse, secarse.

**acaruncharse** *v.* encouzarse.

**acaso** *s.m.* **1.** accidente, azar, casualidade, eventualidade, fortuna, sorte || *adv.* **2.** posiblemente, quizá, quizais, se cadra, seica, talvez. **3.** casualmente, eventualmente

FRAS. **Ó acaso:** á aventura, sen reflexión. **Por se acaso:** non vaia ser. **Por un se acaso:** por precaución.

**acastañado** *adx.* castaño.

**acastizar** *v.* **1.** castizar, cubrir. **2.** procrear.

**acatamento** *s.m.* **1.** adoración, honra, obediencia, respecto, reverencia, veneración. **2.** sometemento, submisión, supeditación.

CONT. **1.** desacato, desobediencia, rebeldía.

**acatar** *v.* **1.** aceptar, adorar, cumprir, honrar, obedecer, observar. **2.** respectar, reverenciar, someter, venerar.

CONT. **1.** desacatar, desobedecer, rebelarse.

**acatarrar** *v.* constipar, arrefriar.

**acaudillar** *v.* abandeirar, capitanear, comandar, conducir, dirixir, encabezar, guiar, liderar, mandar.

**acazaparse** *v.* **1.** achachouparse, acocharse, aconchegarse, acurruncharse, agacharse, agocharse. **2.** encollelse.

**acceder** *v.* **1.** aceptar, asentir, conceder, concordar, condescender, consentir, outorgar, permitir, someterse, subscribir, transixir. **2.** entrar, ingresar.

CONT. **1.** negarse, opoñerse, oporse, rexeitar.

**accesible** *adx.* **1.** aberto, afable, cordial, próximo, tratable. **2.** comprensible, fácil, intelixible, sinxelo.

CONT. **1.** altivo. **2.** difícil, escuro, incomprensible, inintelixible.

**accesión** *s.f.* **1.** acceso, ataque. **2.** conformidade, consentimento.

**accesit** *s.m.* compensación, galardón, honor, honra, premio, recompensa.

**acceso** *s.m.* **1.** entrada, paso, porta. **2.** arranque. **3.** ataque.

OBS. Non se debe confundir co adxectivo *aceso* 'prendido'.

**accesorio** *adx.* **1.** complementario, secundario, subalterno, suplementario. **2.** accidental, adióforo, adxectivo, anexo, auxiliar, circunstancial, extrínseco. **3.** casual, eventual, fortuíto, ocasional, dependente. **4.** *s.m.* complemento, peza, recambio, repostado. || *pl.* **5.** afeños, útiles.

CONT. **1.** esencial, fundamental, principal.

**accidentado** *adx.* **1.** abrupto, crebado, desigual, escabroso, esgrevio, fragoso, irregular, montañoso, montuoso, quebrado. **2.** complicado, difícil. **3.** damnificado, danado, ferido, lesionado.

CONT. **1.** chan, liso, suave.

**accidental** *adx.* **1.** accesorio, adióforo, adxectivo, circunstancial, continxente. **2.** casual, eventual, fortuíto, imprevisto, ocasional, provisional, transitorio.

CONT. **1.** esencial, fundamental. **2.** permanente.

**accidentalmente** *adv.* casualmente, eventualmente, fortuitamente, ocasionalmente, provisionalmente.

CONT. esencialmente.

**accidentarse** *v.* danarse, ferirse, indispoñerse, indisporse.

CONT. curarse.

**accidente** *s.m.* **1.** atropelo, catástrofe, continxencia, contrariedade, contratempo, desgracia, incidente, infortunio, revés. **2.** característica, circunstancia, detalle, suceso. **3.** desmaio, indisposición, síncope.

CONT. **2.** esencia.

**acción** *s.f.* **1.** acto, actuación, feito, labor, obra, tarefa, traballo. **2.** actividade, ardor, enerxía, exercicio, forza,